

GUÍA PARA A REALIZACIÓN DA MEMORIA

Na memoria queda recollida toda a información sobre o desenvolvemento dun proxecto concreto.

1) DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos, domicilio, data de nacemento, teléfono, lugar e data da fase teórico-práctica.

2) AVALIACIÓN DO PROXECTO DESENVOLVIDO

A) Datos xerais:

Lugar e datas de realización, entidade organizadora, nome do titor e equipo de traballo, especificacións do campamento ou da asociación onde se realizaron as prácticas.

B) Exposición e desenvolvemento das actividades:

- .- Datos dos asistentes.
 - .- Instalacións.
 - .- Horario base.
 - .- Actividades, obradoiros.
 - .- Función específica da persoa en prácticas.
- Incluir fotos ou outro tipo de material gráfico.

C) Avaliación crítica persoal

Consiste en deixar reflectidas as conclusións da avaliación continua e final realizadas durante a execución do proxecto. Consiste en comparar o proxecto inicial co seu resultado, é dicir, se as actividades foron congruentes cos obxectivos, constatar se os obxectivos previstos se lograron, se houbo ou non participación e en que grado, a satisfacción da xente que participou nas actividades - tanto organizadores/as como participantes- se os recursos empregados foron suficientes e axeitados.